

L'AMOUR FOU

Jacques Rivette, 1969

1287

ESTREA EN NUMAX: 09.05.2024 | V.O.S.E. | 254 min

Sébastien é un director de teatro que dirixe unha versión da traxedia grega Andrómaca, de Jean Racine. Durante os ensaios, a relación coa súa muller, que interpreta o papel protagonista, comeza a deteriorarse, sobre todo cando debe substituíla na obra por unha antiga amante.

«Un dos filmes máis fermosos da Nouvelle Vague»

François Truffaut



Entrevista con Jacques Rivette: «Consultei cos actores que enfoque adoptar para cada escena»

Por Bernard Cohn

Pensou desde o principio en traballar con Jean-Pierre Kalfon e Bulle Ogier? Si, empecei a traballar no guión pensando neles. Se eles non aceptasen a idea básica da película, non creo que a fíxese con ninguén máis. Quería facer unha película con eles desde que os vin en escena nas producións de Marc'O. Como actores, teñen un estilo moito máis físico que a maioría, moi diferente aos actores habituais do cinema francés, deformados por unha tradición moi particular, polas escolas de teatro e a análise racional dos personaxes. Por iso, mesmo algúns actores de gran talento son incapaces de atopar unha dimensión auténtica (...) Son os pousos da estética imperante no século XIX, que era sobre todo unha estética do medo, que pretendía racionalizalo todo para ocultar o que realmente é o ser. Revela as pantasma en que se converteron as personalidades e os sentimentos.

Que escenas foron máis improvisadas, as do teatro ou as dos pisos?

Improvisabamos un pouco en todas partes, pero nunca era o mesmo tipo de improvisación. Todo dependía do momento, da escena. Algúns momentos son puro documental. O elenco de *Andrómaca* ensaiaba continuamente, entre oito e dez horas ao día, e a miúdo non sabía cando estabamos a filmar. Noutros momentos, necesitabamos algo máis preciso destinado, por exemplo, a acompañar un movemento realizado por un dos actores. Só conservei unha pequena parte do que rodamos na película, sobre todo no que respecta ás secuencias “documentais”. Cando rodaba, non tiña nin idea do que ía conservar na montaxe. As escenas do apartamento eran máis premeditadas. Pero non había nada escrito en pedra. Todo dependía do que lles sucedía a Bulle e Jean-Pierre antes de cada escena. Había escenas nas que non lles apetecía entrar sen máis, mentres que había outras escenas que querían improvisar de cero, cunha bagaxe básica e unhas cantas indicacións. Cando a improvisación non daba un resultado satisfactorio, volvíamos traballar a escena con máis detalle. Mesmo hai unha ou dúas escenas que se escribiron integramente no set, con indicacións para cada pequena inflexión, e que necesitaron varias tomas. Espero que non se note a diferenza entre as escenas que se improvisaron e as que se fixaron, ensaiaron e rodaron con duracións e tons planificados. En calquera caso, nunca tería imposto nada aos actores. Consultei con eles que enfoque adoptar para cada escena.

Cre que é posible ver a súa película como un filme de aventuras? A película serve para iso: para que cada un faga con ela o que queira. É o arquetipo dunha película que require a colaboración do público, e só significa algo a través diso. É un pouco como as manchas de tinta nun test de Rorschach. E tendo en conta que a película dura catro horas, quizais ofrezca maior liberdade para elixir unha cousa ou outra.

Como traballou con dous operadores de cámara, en 16mm e 35mm? Para os 16 mm Etienne Becker tivo vía libre. É un dos mellores cunha Coutant nas mans e é tan competente nas partes documentais como nas escenificadas. Cando traballabamos con dúas cámaras Etienne segue a Bulle e a escena ródase nunha soa toma con dúas cámaras. O resultado parece de plano-contraplano pero a maior parte do tempo, Etienne filmaba só cando sentía que ía pasar algo interesante. Alain Levent, que manexaba a cámara de 35 mm, estaba máis próximo ao meu punto de vista. Nunca teño longas conversas cos meus cámaras, estás de acordo nunha idea básica e logo confías neles na rodaxe.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Andrómaca; Fedra,
Jean Racine.
Cátedra, 2007

Nouvelle Vague,
Gustavo Provitina.
La marca, 2022

36 Vues du pic
Saint-Loup,
Jacques Rivette.
Arte Editions [DVD]